

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA O EXAMEN E VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA AOS LICITADORES "GALILANDIA S.L." E "MONTSERRAT MELLA OTERO, (SPEAK GALICIA)" A EFECTOS DE SUBSANAR A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NO SOBRE A, DO SERVIZO DE PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN XUVENIL "LIDERA"**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 13:15 horas do día 6 de abril de 2018, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do expediente anteriormente referenciado.

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

**Francisco Javier Guldrís García**, Concelleiro delegado de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

**Vogais:**

**Rosa Ana Prada Queipo**, Secretaria municipal.

**Margarita Fernández Sobrino**, Interventora municipal.

**Emilio Garrido Moreira**, Aux. Administrativo do Departamento de Contratación.

**Secretaria:**

**María Isabel Quintáns Ríos**, Aux. Administrativo do Departamento de Contratación.

En sesión celebrada o 21 de marzo de 2018 reúnese a Mesa de Contratación para a apertura e cualificación da documentación presentada no Sobre A denominado "Documentación Administrativa" do Servizo para o desenvolvemento do Programa de Formación Xuvenil "Lidera"

Do examen e valoración da documentación extraese que é necesario requirir documentación as empresas "Galilandia S.L." e "Montserrat Mella Otero, (Speak Galicia)" ao non presentar toda a documentación do Sobre A.

Conforme ao disposto no artigo 81.2 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 20.3.d) do PCAP se a mesa observa defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicárase aos licitadores interesados para que no **prazo de tres días hábiles** aporten dita documentación.

Con data 21 de marzo de 2018 notificábase telematicamente ás empresas "Galilandia S.L." e "Montserrat Mella Otero, (Speak Galicia)" a documentación que deberán aportar para proceder a subsanar a documentación presentada no Sobre A.

Tanto "Galilandia S.L." como "Montserrat Mella Otero, (Speak Galicia)" presentan en prazo a documentación requirida.

Unha vez comprobada que a documentación requirida ás empresas foi presentada en prazo e que se axusta aos requerimentos efectuado, a Mesa por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

C.I.F.: P - 1500200 - I

**Primeiro.-** Declarar admitidas no procedemento de licitación do Servizo para o desenvolvemento do Programa de Formación Xuvenil "Lidera" do Concello de Ames as seguintes empresas:

Empresa	CIF
ARENARIA COORDINACIÓN S.L.U	B27727635
AVALOP SERVICIOS XXI, SL	B36591063
FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN)	G15597669
GALILANDIA, S.L.	B15776883
GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS,S.L.	B36993509
MAGNAFOR QUALITAS, S.L.	B36565679
MONTSERRAT MELLA OTERO (SPEAK GALICIA)	32834921-Y
NORFORMACIÓN, S.L.	B36343218
QUELQUM SERVICIOS PARA EMPRESAS. S.L.	B70265392
SENES CIT, S.L.	B1572479
SERVIPLUSTOTAL, S.L.L.	B70019294

E non habendo máis asuntos que tratar o señor presidente deu por rematado o acto, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria das mesa, certifico.